



R analiza, en ‘Galicia TIC’, novos modelos de negocio da era dixital

- *Representantes do operador galego e da consultora “Dos Espacios”, especializada en comercio electrónico, analizarán en Galicia TIC claves de éxito dos negocios dixitalizados.*
- *O foro máis importante das Tecnoloxías da información e a Comunicación en Galicia celebrará mañá mércores e o xoves 7 a súa 19ª edición, que este ano xira arredor das múltiples vertentes da transformación dixital e os novos modelos de negocio asociados a ela.*
- *R mantense como un dos patrocinadores de referencia de Galicia TIC, que opta outra vez por un formato híbrido presencial e ‘online’, aínda que con aumento da interacción persoal en actividades paralelas ao evento.*

Mércores, 5 de outubro de 2021.- Alberto Díaz Freire, responsable de Alianzas, IoT e Transformación Dixital de R e Santiago Paz, CEO da consultora galega “Dos Espacios”, especializada en comercio electrónico, analizarán mañá, no foro de referencia das TIC en Galicia, as principais claves de éxito dos novos negocios dixitalizados ou en proceso de dixitalización a día de hoxe. Será na mesa temática *“Claves para a supervivencia do negocio actual na era dixital”*.

Os voceiros achegaranse a un tema especialmente sensible que lles afecta a empresas de todo tipo e tamaño, ata o punto de cuestionarse a súa supervivencia na contorna actual se non se adaptan ao cambio con axilidade.

Unha desas ideas referenciais radica, segundo explicarán estes expertos, en que a proposta de valor, produtos e servizos se apoie progresivamente en escenarios mixtos presenciais e virtuais a un tempo para adaptarse ás demandas do mercado actual e dos/as clientes/as. Durante a mesa temática debaterase sobre tecnoloxías e abordaranse as principais claves para adaptar os modelos de negocio e produtos tradicionais á era dixital.

As mellores estratexias de comercio electrónico...

Entre esas claves ocupan un lugar primordial as que definen unha boa **estratexia de comercio electrónico**, referidas non só á tecnoloxía, senón tamén a procesos lóxicos, pagamentos, xeración de tráfico...

Ambos os dous especialistas falarán de todo iso e da incipiente e necesaria **reinención das tendas físicas**, que cómpre se convertan en complemento perfecto do comercio dixital. A COVID-19 acelerou tamén este proceso e puxo en evidencia esa imprescindible procura dun **punto intermedio entre a tenda física e a compra “online”**. Na mesa temática, nesta liña, tocaranse os temas da rapidez da entrega e a eficiencia das devolucións ou de servizos adicionais como a experiencia real cos produtos, atención remota, etc.

...e o apoio da tecnoloxía

Alberto Díaz e Santiago Paz explicarán por que ofrecer unha **boa experiencia de usuario/a** é o primeiro paso para garantir que os/as clientes/as volvan comprar os nosos produtos e servizos dixitalmente.

Trátase de que a/o clienta/e poida, por exemplo, navegar con facilidade e de maneira intuitiva, nun sitio visible tamén en pantallas pequenas, como as dos móbiles, con posibilidade de informarse de maneira sinxela sobre o produto ou servizo en cuestión e con imaxes de calidade excelente, entre outros requisitos.

Por iso, **o elemento tecnolóxico vai marcar unha diferenza esencial** á hora de mergullarse na contorna do comercio electrónico, onde o dato e a información tamén acerca das/os usuarias/os pasan a un primeiro plano, polo que a ciberseguridade terá parellamente o seu oco nos destacados da venda dixital.

IA, 5G e automatización en sesións presenciais + virtuais

O programa de Galicia TIC combinará de novo este ano o modelo físico e virtual; parte das actividades serán telemáticas e parte presenciais no edificio Cinc da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, con aumento xeral da interacción en actividades complementarias como o descanso do café ou as sesións de *networking*.

Ao longo de ambas as dúas xornadas, mañá mércores e o xoves 7 desenvolverase un completo programa sobre os retos que Galicia ten na contorna dixital, o peso da IA, desafíos de seguridade na transformación dixital, 5G, automatización de procesos ou axudas públicas para eles, entre outros temas.

Para participar como oínte na mesa redonda “*Claves para a supervivencia do negocio actual na era dixital*” é preciso rexistrarse na ligazón <https://blogempresas.mundo-r.com/gl/eventos/claves-para-a-supervivencia-do-negocio-actual-na-era-dixital/>